

Convocatoria da Sesión Ordinaria da Xunta Goberno Local para o 9 de abril de 2018 (XGL 8/2018)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por Resolución 768/2018 de 5 abril, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á sesión **Ordinaria** da Xunta de Goberno Local que terá lugar na Sala de sesións do Concello de Carballo o **día 9 de abril, ás 13:30 horas en primeira convocatoria**, e de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Asi mesmo informáselle que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está á súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Xunta de Goberno Local	Data da sesión: 09-04-2018
Convocatoria: Sesión Ordinaria 8/2018	Hora: 13:30

Orde do día

1. Acta da sesión anterior (26/03/2018). Aprobación

2. Publicacións boletíns oficiais

3. Xulgados e Tribunais

4. Decretos. Dación de conta

5. Subvencións.

- 5.1. UAD 2018. Subvención Deputación 2018. Aprobación da memoria das actividades, orzamento e solicitude de subvención.
- 5.2. Subvención á Xunta de Galicia para colaborar no mantemento do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carballo durante 2018. Solicitude

6. Convenios.

- 6.1. Convenio coa entidade escolas Balonmán Xiria (CIFG70046362), para o financiamento da actividade “IV Torneo Handball Festival Concello de Carballo” por importe de 4.500,00€. Aprobación do convenio e concesión da subvención.
- 6.2. Convenio coa entidade Atletismo Carballo (G70386248) para o financiamento da actividade “IV Carreira Solidaria de 2 en 2” por importe de 2.500,00€. Aprobación convenio e concesión subvención.
- 6.3. Convenio coa entidade Bergantiños Fútbol Club (G15116775) para o financiamento da actividade “Participación en competicións deportivas federadas” por importe de 30.000,00€. Aprobación do convenio e concesión subvención.
- 6.4. Convenio coa entidade Escolas de Fútbol Luis Calvo Sanz (G15794589), para a realización da actividade “XIV Torneo F7 alevín Concello de Carballo”. Aprobación do convenio e concesión subvención.

7. Vaos.

7.1. Vao permanente na rúa Oriente, núm. 27, baixo. Autorización.

8. Licenzas de obra.

8.1. Construcción de nave industrial destinada a taller de mecanizados, na parcela D13-D14-D15 do Parque Empresarial de Bértoa. Expte. 2018/U022/000005

8.2. Rehabilitación de vivenda unifamiliar no Lg. Requeixo, Bértoa. Expte. 2017/U022/000089.

9. Licenzas de primeira ocupación.

9.1. Vivenda unifamiliar situada no Lg. A Rega, nº 134ª, Bértoa. Expte. 2018/U007/000003

9.2. Obras de ampliación dunha explotación de vacún de leite existente situada no lugar da Espanadeira, núm. 20, Entrecruces. Expte. 2018/U007/000001.

9.3. Unidade de subministro de desatendida para distribución polo miúdo de combustible na rúa do Cobre 13, parcela H-1, Polígono Industrial de Bértoa, Carballo. Expte. 2017/U007/000007 (expte. Anterior 37/2016)

10. Licenza de segregación.

10.1. Segregación na rúa Alcalde Bolón e rúa Mirtos. Expte. 2017/U018/000002.

11. Expedientes de contratación. Aprobación.

11.1. Contrato administrativo especial para a "Concesión demanial da utilización privativa de bens de uso público municipal no casco urbano para a colocación de postos durante as festas patronais de San Xoan 2018". (ESP. 01/2018).

12. Expedientes de contratación. Adxudicación.

12.1. Contrato administrativo de obras de "Reurbanización da rúa Rio" (OBR. 22/2017), incluída no Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2017" da Deputación da Coruña.

13. Rogos e preguntas

O que se notifica ós correspondentes efectos.

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario
D. José Villán Fuertes